

Presentación do número

O presente número da revista ambientalMENTEsustentable é un monográfico que recolle muitas das aportacións realizadas dende o Seminario de comunicación, educación e participación fronte ao cambio climático que con periodicidade anual vense celebrando coordinado polo CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental) e co auspicio do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, a través do Organismo Autónomo de Parques Nacionais.

Na sexta edición e baixo o título “Respuestas desde la Educación y la Comunicación al Cambio Climático” presentaron algúns dos moitos estudos que se están a facer sobre a percepción social e a a meaza que supón o cambio climático, poñendo especial fincapé nos problemas de comunicación, fundamentalmente nos efectos secundarios non desexados dalgunhas das estratexias elegidas.

Tamén neste número preséntanse a modo de reflexión e boas prácticas algunhas formas inovadoras e exitosas de comunicación e de participación, levadas a cabo tanto por institucións públicas como por entidades privadas e ONGs, o que permite amosar a embergadura do problema e o compromiso de distintos actores sociais.

Complétase a mirada sobre o que se considera o problema global máis preocupante con unha serie de traballos de investigación e doutras experiencias que poden servir como marco de reflexión e acción.

Para rematar, e como en números anteriores, preséntase un documento que serviu como marco de acordo e discordia fronte ao cambio climático, o Protocolo de Quioto, que en breve será superado polos acordos aos que se chegue no Cumio do Clima en Copenhague (decembro 2009), pero que sin duda seguirá a ser un referente, e que xa forma parte do imaxinario colectivo neste tema.

Consello de Dirección